

XEFATURA DO ESTADO

4923 LEI ORGÁNICA 1/2003, do 10 de marzo, para a garantía da democracia nos concellos e a seguridade dos concelleiros. («BOE» 60, do 11-3-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Facer efectiva a vontade política expresada polos que teñen plena confianza en que o sistema democrático garante a adecuada convivencia da nosa sociedade, e con iso o dereito que a Constitución outorga a tódolos cidadáns, obriga a modificar determinadas normas do noso ordenamento xurídico de maneira que se permita facer realidade a decisión de illa-los terroristas, garantindo unha maior eficacia no uso dos recursos dos que pode dispo-lo noso sistema político.

Artigo primeiro.

Modifícase o artigo 505 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, coa seguinte redacción:

«Artigo 505.

1. Incorrerán na pena de prisión de seis meses a un ano os que, sen seren membros da corporación local, perturben de forma grave a orde dos seus plenos impedindo o acceso a eles, o desenvolvemento da orde do día prevista, a adopción de acordos, ou causen desordes que teñan por obxecto manifesta-lo apoio a bandas armadas, organizacións ou grupos terroristas.

2. Os que, amparándose na existencia de bandas armadas, organizacións ou grupos terroristas, calumnien, inxurien, coaccionen ou ameacen os membros de corporacións locais, serán castigados coa pena superior en grao á que corresponda polo delito cometido.»

Artigo segundo.

Modifícanse os artigos 42 e 51 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, coa seguinte redacción:

«Artigo 42.

Os corpos de policía das comunidades autónomas só poderán actuar no ámbito territorial da comunidade autónoma respectiva, agás en situacións de emerxencia, logo de requirimento das autoridades estatais.

Non obstante, cando exerzan funcións de protección de autoridades públicas da comunidade autónoma, poderán actuar fóra do ámbito territorial respectivo, logo de autorización do Ministerio do Interior e, cando proceda, comunicación ó órgano de goberno da comunidade autónoma correspondente, coas condicións e requisitos que se determinen regulamentariamente.»

«Artigo 51.

1. Os municipios poderán crear corpos de policía propios, de acordo co previsto nesta lei, na Lei de bases de réxime local e na lexislación autonómica.

2. Nos municipios onde non exista policía municipal, os cometidos desta serán exercidos polo persoal que desempeñe funcións de custodia e vixilancia de bens, servicios e instalacións, coa denominación de gardas, vixilantes, axentes, alguacís ou análogos.

3. Estes corpos só poderán actuar no ámbito territorial do municipio respectivo, agás en situacións de emerxencia e logo de requirimento das autoridades competentes.

Non obstante, cando exerzan funcións de protección de autoridades das corporacións locais, poderán actuar fóra do termo municipal respectivo, con autorización do Ministerio do Interior ou da correspondente autoridade da comunidade autónoma que conte con corpo de policía autonómica, cando desenvolvan integramente esas actuacións no ámbito territorial da dita comunidade autónoma.»

Artigo terceiro.

Modifícase o artigo 110 e engádese unha nova disposición adicional á Lei de axuízamento criminal do 14 de setembro de 1882, coa seguinte redacción:

«Artigo 110.

Os prexudicados por un delito ou falta que non renunciaren ó seu dereito poderán mostrarse parte na causa se o fixeran antes do trámite de cualificación do delito, e exerce-las accións civís e penais que procedan ou soamente unhas ou outras, segundo lles conviñer, sen que por iso se retroceda no curso das actuacións.

Mesmo cando os prexudicados non se mostren parte na causa, non por isto se entende que renuncian ó dereito de restitución, reparación ou indemnización que ó seu favor pode acordarse en sentenza firme, sendo mester que a renuncia deste dereito se faga se é o caso dunha maneira expresa e terminante.

Cando o delito ou falta cometida teña por finalidade impedir-lles ou obstaculizar-lles ós membros das corporacións locais o exercicio das súas funcións públicas, poderá tamén mostrarse parte na causa a Administración local no territorio da cal se cometese o feito punible.»

«Disposición adicional.

Nos supostos de ameazas ou coaccións previstos no artigo 572.1.3.º do Código penal, o xuíz ou tribunal adoptará, ó iniciar-las primeiras dilixencias, as medidas necesarias para garanti-la confidencialidade dos datos que figuren nos distintos rexistros públicos que afecten a vítima das ameazas ou coaccións, de tal forma que estes datos non poidan servir como información para a comisión de delitos de terrorismo contra estas persoas.»

Artigo cuarto.

Modifícase o artigo 3 da Lei orgánica 3/1987, do 2 de xullo, de financiamento de partidos políticos, e introdúcese un novo artigo 4 coa seguinte redacción, modificándose, en consecuencia, a numeración do resto dos artigos posteriores.

«Artigo 3.

1. O Estado outorgaralles ós partidos políticos con representación no Congreso dos Deputados, conforme o disposto na Lei orgánica 5/1985, de réxime electoral xeral, subvencións anuais non condicionadas, con cargo ós orzamentos xerais do Estado, para atende-los seus gastos de funcionamento ordinario.

Igualmente, poderase incluír nos orzamentos xerais do Estado unha asignación anual para sufragar-ga-los gastos de seguridade nos que incorran os partidos políticos para mante-la súa actividade política e institucional.

2. As subvencións previstas no punto anterior distribuiranse en función do número de escaños e de votos obtidos por cada partido político nas últimas eleccións á indicada cámara.

Para a asignación das indicadas subvencións dividirase a correspondente consignación orzamentaria en tres cantidades iguais. Unha delas distribuirase en proporción ó número de escaños obtidos por cada partido político nas últimas eleccións ó Congreso dos Deputados, e as dúas restantes, proporcionalmente a tódolos votos obtidos por cada partido nas ditas eleccións. Non se computarán os votos obtidos naquelas circunscricións en que non se alcanzase o 3 por cento dos votos válidos esixidos no artigo 163.1.a) da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

3. As subvencións a que fan referencia os puntos anteriores serán incompatibles con calquera outra axuda económica ou financeira incluída nos orzamentos xerais do Estado, agás as sinaladas nas alíneas a) e b) do punto 1 do artigo 2 desta lei.»

«Artigo 4.

1. Non procederá a entrega de recursos procedentes do financiamento público, calquera que sexa o seu tipo ou natureza, a favor dos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores cando, na súa actividade, incorran nalgunha das conductas previstas para a ilegalización dos partidos políticos no artigo 9 da Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos, apreciadas e valoradas de acordo co alí establecido, cando non proceda polo grao de reiteración ou gravidade daquelas inicia-lo procedemento conducente á súa ilegalización.

2. Do mesmo modo, non procederá a entrega de recursos procedentes do financiamento público, calquera que sexa o seu tipo ou natureza, a favor das ditas formacións políticas cando, nos seus órganos directivos, grupos parlamentarios ou políticos, ou nas súas listas electorais inclúan ou manteñan a persoas condenadas por sentenza, aínda que non sexa firme, por delitos de rebelión, de terrorismo ou delitos graves contra as institucións do Estado, nos termos previstos na lexislación penal, agás que aquelas rexeitaran publicamente os fins e os medios utilizados.

3. O devengo e o pagamento de recursos procedentes do financiamento público, calquera que sexa o seu tipo ou natureza, quedarán condicionados á xustificación da adquisición dos electos pertencentes a unha mesma formación política, da condición plena e do exercicio efectivo do cargo para o que fosen elixidos. A comprobación e certificación destes supostos corresponderá ós órganos de goberno da institución na que se deba exercer-lo dito cargo.

4. As limitacións relativas á obtención de recursos procedentes do financiamento público, calque-

ra que sexa o seu tipo ou natureza, contidas nos puntos anteriores, serán igualmente aplicables ós grupos parlamentarios ou ós grupos políticos que existan en calquera asemblea representativa ou corporación local.

5. A concorrencia dos supostos previstos nos puntos 1 e 2 deste artigo serán apreciados polo ministro do Interior ou alto cargo do Ministerio do Interior en quen delegue, logo de audiencia dos interesados. A resolución que se adopte poderá ser obxecto de recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa, que o tramitará con carácter urxente, gozando de preferencia absoluta na súa substanciación e decisión.»

Artigo quinto.

Modifícanse os artigos 6.2; 39.2; 41; 46.3; 78.3; 79.1; 123.1; 127; 127 bis; 133.4; 133.6; 134, 140, 153, 175, 182, 183, 193, 201 e 227, así como a disposición adicional primeira e engádese unha nova disposición adicional sexta á Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, coa seguinte redacción:

«Artigo 6.2.

Son inelixibles:

a) Os condenados por sentenza firme a pena privativa de liberdade, no período que dure a pena.

b) Os condenados por sentenza, aínda que non sexa firme, por delitos de rebelión, de terrorismo, ou contra as institucións do Estado cando esta establecese a pena de inhabilitación para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo nos termos previstos na lexislación penal.

«Artigo 39.2.

Os concellos e consulados estarán obrigados a manter un servizo de consulta das listas electorais vixentes dos seus respectivos municipios e demarcacións durante o prazo de oito días, a partir do sexto día posterior á convocatoria de eleccións.

A consulta poderá realizarse por medios informáticos, logo de identificación do interesado, ou mediante a exposición ó público das listas electorais, se non se conta con medios informáticos suficientes para iso.»

«Artigo 41.

1. Por real decreto regularanse os datos persoais dos electores, necesarios para a súa inscrición no censo electoral, así como os das listas e copias do censo electoral.

2. Queda prohibida calquera información particularizada sobre os datos persoais contidos no censo electoral, coa excepción dos que se soliciten por conducto xudicial.

3. Non obstante, a Oficina do Censo Electoral pode facilitar datos estatísticos que non revelen circunstancias persoais dos electores.

4. As comunidades autónomas poderán obter unha copia do censo, en soporte apto para o seu tratamento informático, despois de cada convocatoria electoral, ademais da correspondente rectificación daquel.

5. Os representantes de cada candidatura poderán obter, o día seguinte á proclamación de candidaturas, unha copia do censo do distrito correspondente, ordenado por mesas, en soporte apto para o seu tratamento informático, que poderá ser utilizado exclusivamente para os fins previstos nesta lei. Alternativamente os representantes xerais

m

poderán obter nas mesmas condicións unha copia do censo vixente dos distritos onde o seu partido, federación ou coalición presente candidaturas. Así mesmo, as xuntas electorais de zona disporán dunha copia do censo electoral utilizable, correspondente ó seu ámbito.

6. Excepcionalmente e por razóns debidamente xustificadas, poderán excluírse as persoas que puidesen ser obxecto de ameazas ou coaccións que poñan en perigo a súa vida, a súa integridade física ou a súa liberdade, das copias do censo electoral a que se refire o punto 5 deste artigo.»

«Artigo 46.3.

Cando a presentación deba realizarse mediante listas, cada unha debe incluír tantos candidatos como cargos a elixir. En caso de incluír candidatos suplentes, o seu número non poderá ser superior a 10, coa expresión da orde de colocación tanto dos candidatos coma dos suplentes.»

«Artigo 78.3.

Poderá ser designado interventor quen, reunindo a condición de elector, estea inscrito no censo electoral.

No caso daqueles electores que non estean inscritos no censo correspondente á circunscrición electoral na que vaian desempeñar as súas funcións de interventor, a Xunta Electoral de Zona terá que requirir da Oficina do Censo Electoral a urxente remisión da certificación de inscrición no censo electoral, agás que previamente sexa achegada polo designado como interventor.»

«Artigo 79.1.

Os interventores exercen o seu dereito de sufraxio na mesa ante a que están acreditados. Cando o interventor non estea inscrito na circunscrición electoral correspondente á mesa na que vaia desempeñar as súas funcións, exercerá o seu dereito de sufraxio mediante o voto por correspondencia nos termos e co alcance establecidos nos artigos 72 e 73 desta lei.»

«Artigo 123.1.

Pode ser designado administrador electoral calquera cidadán, maior de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís e políticos. Non poderán ser designados administradores electorais as persoas nas que conorra a circunstancia á que se refire a alínea b) do punto 2 do artigo 6 desta lei.»

«Artigo 127.

1. O Estado subvenciona, de acordo coas regras establecidas nas disposicións especiais desta lei, os gastos ocasionados ós partidos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores pola súa concorrencia ás eleccións ó Congreso dos Deputados e ó Senado, ó Parlamento Europeo e ás eleccións municipais. En ningún caso a subvención correspondente a cada grupo político poderá exceder a cifra de gastos electorais declarados, xustificadas polo Tribunal de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora.

2. Tanto o devengo coma o pagamento das ditas subvencións ás formacións políticas ou a calquera outra persoa ou entidade ás que, por calquera título, se transmitise o crédito correspondente quedarán condicionados á xustificación da adquisición polos electos pertencentes a partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores da condición plena de deputado, senador, membro do Parlamento Europeo ou membro da correspon-

dente corporación local e do exercicio electivo do cargo para o que fosen elixidos e pola elección e desempeño do cal se devengasen ou se devenguen as citadas subvencións. A comprobación e certificación destes supostos corresponderá ós órganos de goberno da institución en que se deba exercer-lo dito cargo.

3. De conformidade co previsto no artigo 4 da Lei orgánica 3/1987, do 2 de xullo, de financiamento dos partidos políticos, o Estado non subvencionará os gastos, ós que se refire este artigo, ós partidos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores cando, na súa actividade, incorran nalguna das conductas previstas para a ilegalización dos partidos políticos no artigo 9 da Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos, apreciadas e valoradas de acordo co alí establecido, cando non proceda polo grao de reiteración ou gravidade daquelas o procedemento conducente á súa ilegalización.

4. Do mesmo modo, as subvencións previstas neste artigo non se devengarán a favor das ditas formacións políticas cando nos seus órganos directivos, grupos parlamentarios ou políticos, ou nas súas listas electorais inclúan ou manteñan persoas condenadas por sentenza, aínda que non sexa firme, por delitos de rebelión, de terrorismo ou delitos graves contra as institucións do Estado, nos termos previstos na lexislación penal, agás que aquelas rexeitasen publicamente os fins e os medios utilizados.»

«Artigo 127 bis.

1. O Estado concederá adiantos das subvencións mencionadas ós partidos, federacións e coalicións que as obtivesen nas últimas eleccións ás Cortes Xerais, ó Parlamento Europeo ou, se é o caso, nas últimas eleccións municipais, e non se visen privadas delas con posterioridade de acordo co previsto no artigo anterior. A cantidade adiantada non poderá exceder do 30 por cento da subvención percibida polo mesmo partido, federación, asociación ou coalición nas últimas eleccións equivalentes, e da mesma porcentaxe da subvención que resultase da aplicación das previsións contidas nos artigos 175.3, 193.3 e 227.3 desta lei, segundo o proceso electoral de que se trate.

2. Os adiantos pódense solicitar entre os días vixésimo primeiro e vixésimo terceiro posteriores á convocatoria.

3. No caso de partidos, federacións ou coalicións que concorran en máis dunha provincia, a solicitude deberá ser presentada polos seus respectivos administradores xerais perante a Xunta Electoral Central. Nos restantes supostos, as solicitudes serán presentadas polos administradores das candidaturas perante as xuntas provinciais. Estas cursaranas á Xunta Central.

A Xunta Electoral Central remitirá ó órgano competente da Administración xeral do Estado as solicitudes de adianto das subvencións electorais formuladas polos administradores dos partidos políticos, federacións e coalicións, e rexeitará aquelas presentadas polas formacións políticas sen dereito a estas, conforme o disposto no artigo 127 desta lei.

4. A partir do vixésimo noveno día posterior á convocatoria, a Administración do Estado pon á disposición dos administradores electorais os adiantos correspondentes.

5. Os adiantos devolveranse, despois das eleccións, na contía en que superen o importe da subvención que finalmente correspondese a cada partido, federación ou coalición.

6. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, procederá a devolución íntegra do anticipo concedido en caso de non acreditarse, nos termos do artigo 133.4 desta lei, a adquisición polos electos pertencentes ás ditas formacións políticas da condición plena de deputado, senador, membro do Parlamento Europeo ou membro da correspondente corporación local e o exercicio efectivo do cargo para o que fosen elixidos e pola elección do cal se devengasen ou se devenguen as subvencións recollidas nesta lei.»

«Artigo 133.4.

O Estado, no prazo de 30 días posterior á presentación ante o Tribunal de Contas da súa contabilidade e en concepto de adianto mentres non conclúan as actuacións do Tribunal de Contas, entregará ós administradores electorais o 90 por cento do importe das subvencións que, de acordo cos criterios establecidos nesta lei, lles corresponda de acordo cos resultados xerais publicados no "Boletín Oficial del Estado", descontado, se é o caso, o anticipo a que se refire o punto 1 do artigo 127.bis desta lei. Neste acto, os partidos, coalicións, federacións e agrupacións de electores deberán presentar para poder percibir ese anticipo un aval bancario polo 10 por cento da subvención percibida, así como unha certificación expedida polo órgano correspondente que acredite, de forma que faga fe, a adquisición polos electos pertencentes ás ditas formacións políticas da condición plena de deputado, senador, membro do Parlamento Europeo ou membro da correspondente corporación local e o exercicio efectivo do cargo para o que fosen elixidos e pola elección do cal se devengasen ou se devenguen as subvencións recollidas nesta lei.

Tampouco procederá a concesión do dito adianto cando na formación política figuren persoas nas que conorra a circunstancia á que se refire a alínea b) do punto 2 do artigo 6 desta lei.»

«Artigo 133.6.

A Administración xeral do Estado entregará o importe das subvencións ós administradores electorais das entidades que deban percibilas, a non ser que aqueles lle notificasen á Xunta Electoral Central que as subvencións sexan aboadas en todo ou en parte ás entidades bancarias que designen, para compensalos anticipos ou créditos que lles outorgasen. A Administración xeral do Estado verificará o pagamento conforme os termos da dita notificación, agás que os anticipos ou créditos se outorgasen a formacións políticas que se encontren dentro dos supostos establecidos nos puntos 2, 3 e 4 do artigo 127 desta lei. A citada notificación non poderá ser revogada sen consentimento da entidade de crédito beneficiaria.»

«Artigo 134.

5. A liquidación do importe das subvencións por parte do órgano competente realizarase de acordo co contido do informe de fiscalización aprobado nas Cortes Xerais pola Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas e co disposto nos puntos 2, 3 e 4 do artigo 127 desta lei.»

«Artigo 140 [nova alínea i), a actual alínea i) pasa a ser j)].

i) Incumprilas obrigas relativas a certificacións en materia de subvencións por gastos electorais previstas nesta lei.»

«Artigo 153.

3. Ás infraccións electorais en materia de subvencións por gastos electorais seralles de aplicación o previsto no texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1998, do 23 de setembro.»

«Artigo 175.

5. Non procederá o pagamento das subvencións nos supostos establecidos nos puntos 2, 3 e 4 do artigo 127 desta lei.»

«Artigo 182.

1. No caso de falecemento, incapacidade ou renuncia dun concelleiro, o escano atribuiráselle ó candidato ou, se é o caso, ó suplente da mesma lista a quen corresponda, atendendo á súa orde de colocación.

2. No caso de que, de acordo co procedemento anterior, non quedasen posibles candidatos ou suplentes para nomear, as vacantes serán cubertas por calquera cidadán maior de idade que non estea incurso en causa de inelixibilidade. Estes suplentes serán designados polo partido, coalición, federación ou agrupación de electores os concelleiros dos cales tivesen que ser substituídos e comunicaráselle á xunta electoral correspondente, para efectos da expedición da oportuna credencial. Neste caso, non poderán ser designadas aquelas persoas que, tendo sido candidatos ou suplentes naquela lista, renunciaren ó cargo anteriormente.

3. No caso de que o número de feito de membros elixidos na correspondente convocatoria electoral chegase a ser inferior á metade do número legal de membros da corporación, constituirase unha comisión xestora integrada por tódolos membros da corporación que continúen e os cidadáns que fosen designados para cubri-las vacantes, conforme o previsto no parágrafo anterior.»

«Artigo 183.

1. Nos supostos de disolución de corporacións locais por acordo do Consello de Ministros, previstos na lexislación básica de réxime local por xestión gravemente danosa para os intereses xerais que supoña incumprimento das súas obrigas constitucionais, deberase proceder á convocatoria de eleccións parciais para a constitución dunha nova corporación dentro do prazo de tres meses, agás que pola data na que esta deba constituírse o seu mandato resultase inferior a un ano.

Mentres que se constitúe a nova corporación ou expira o mandato da disolta, a administración ordinaria dos seus asuntos corresponderá a unha comisión xestora designada pola deputación provincial ou, se é o caso, polo órgano competente da comunidade autónoma correspondente; o seu número de membros non excederá do número legal de membros da corporación. Exercerá as funcións de alcalde ou presidente aquel vocal que resulte elixido por maioría de votos entre tódolos membros da comisión.

2. Cando a disolución se produza porque os órganos de goberno da corporación local leven a cabo algunha das actuacións previstas no artigo 61.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a deputación provincial ou, se é o caso, o órgano competente da comunidade autónoma asumirá directamente trala disolución a xestión ordinaria da corporación ata a finalización do correspondente mandato, non podendo adoptar acordos para os que se requira unha maioría cualificada.»

m

«Artigo 193.

5. Non procederá o pagamento das subvencións nos supostos establecidos nos puntos 2, 3 e 4 do artigo 127 desta lei.»

«Artigo 201.

11. En materia de subvencións electorais terán que respectarse as limitacións establecidas nos puntos 2, 3 e 4 do artigo 127 desta lei.»

«Artigo 227.

5. Non procederá o pagamento das subvencións nos supostos establecidos nos puntos 2, 3 e 4 do artigo 127 desta lei.»

«Disposición adicional primeira.

1. O disposto nesta lei enténdese sen prexuízo do exercicio das competencias recoñecidas, dentro do respecto á Constitución e á presente lei orgánica, ás comunidades autónomas polos seus respectivos estatutos en relación coas eleccións ás respectivas asembleas lexislativas.»

«Disposición adicional sexta.

Os partidos e federacións teñen a obriga de remitir ó Rexistro de partidos políticos e manter actualizada a relación das persoas que compoñan os seus órganos directivos e de coordinación.»

Artigo sexto.

Modifícanse os artigos 61 e 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

«Artigo 61.

1. O Consello de Ministros, por iniciativa propia e con coñecemento do Consello de Goberno da comunidade autónoma correspondente ou por solicitude deste e, en todo caso, logo de acordo favorable do Senado, poderá proceder, mediante real decreto, á disolución dos órganos das corporacións locais no suposto de xestión gravemente danosa para os intereses xerais que supoña incumprimento das súas obrigas constitucionais.

2. Consideraranse, en todo caso, decisións gravemente danosas para os intereses xerais nos termos previstos no punto anterior, os acordos ou actuacións dos órganos das corporacións locais que dean cobertura ou apoio, expreso ou tácito, de forma reiterada e grave, ó terrorismo ou ós que participen na súa execución, ou enaltezan ou xustifican, e os que menosprecen ou humillen as vítimas ou os seus familiares.

3. Acordada a disolución, será de aplicación a lexislación electoral xeral, cando proceda, en relación á convocatoria de eleccións parciais e, en todo caso, a normativa reguladora da provisional administración ordinaria da corporación.»

«Artigo 75.7.

Os membros das corporacións locais que consideren, en virtude do seu cargo, ameazada a súa seguridade persoal ou a dos seus bens ou negocios, a dos seus familiares, socios, empregados ou persoas coas que tivesen relación económica ou profesional poderán realiza-las declaracións de intereses a que se refiren os parágrafos anteriores deste artigo, ante o secretario da deputación provincial ou, se é o caso, ante o órgano competente da comunidade autónoma correspondente. Tales declaracións inscribíranse nun rexistro especial de intereses, creado para estes efectos naquelas institucións.

Neste suposto, os membros das corporacións locais achegarán ó secretario da súa respectiva corporación mera certificación simple e breve acreditativa de que cubriron as súas declaracións, e que estas están inscritas no rexistro especial de intereses a que se refire o parágrafo anterior, que sexa expedida polo funcionario encargado del.»

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 10 de marzo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

4924 LEI 1/2003, do 10 de marzo, pola que se crea o Consello Xeral de Colexios de Logopedas. («BOE» 60, do 11-3-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono esta lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, establece no seu artigo 4.4 que cando, nunha determinada profesión, existan varias organizacións colexiais de ámbito territorial inferior ó estatal, se constituirá un consello xeral de colexios, creación que debe ter lugar mediante lei do Estado, a teor do previsto no artigo 15.3 da Lei 12/1983, do 14 de outubro, do proceso autonómico.

A situación antes descrita prodúcese na actualidade en relación coa profesión de logopeda, da que o título oficial de diplomado universitario foi establecido polo Real decreto 1419/1991, do 30 de agosto, polo que resulta procedente constituir mediante esta norma o correspondente Consello Xeral de Colexios de Logopedas.

Artigo 1. Creación.

Créase o Consello Xeral de Colexios de Logopedas como corporación de dereito público que terá personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins de acordo coa lei.

Artigo 2. Relacións coa Administración xeral do Estado.

O Consello Xeral de Colexios de Logopedas relacionarase coa Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Sanidade e Consumo.

Disposición transitoria primeira. Comisión xestora.

1. No prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei constituirase unha comisión xestora composta por un representante de cada un dos colexios de logop-